

COMPRA – VENTA

- Como Cabras S.C.G. vende cabritos machos e cabritas femias, raza Murciano-Granadina 7,5 €/Kg de peso vivo os machos, 15 €/Kg de peso vivo as femias
Tlfno.: 659083339 - 682474264 - 616547099
- Véndese rabaño de 120 ovelas con 130 años. Taboada (Lugo) Tfno.:639428794 (Javier)
- Véndense 30 ovelas con años en Trazo (A Coruña). Tfno.: 672071332
- Véndense 7 cabras e 7 cabritos en Palas de Rei (Lugo). Tfno.: 650611945
- Véndense 25 ovelas en Pedrafita do Cebreiro (Lugo). Tfno.: 685618964
- Véndese un castrón e unha cabra con crías en O Irixo (Ourense). Tfno.: 655974270
- Véndense 40 ovelas en Bazar, Castro de Rei (Lugo). Tfno.: 620757118
- Véndense cachorros de mastín en Mesía (A Coruña). Tfno.: 693733440 – 981687007
- Regálanse 2 cachorros de pastor catalán. Xinzo de Limia (Ourense). Tfno.: 629479623
- Cómpranse 4 cabras e 1 castrón, non importa lugar. Santiago (A Coruña). Tfno.: 660943406
- Curso de pastoreo con cans 26 de xuño. Enrique (Boimorto – A Coruña) Tfno.: 620295920
- Búscase traballador/a para explotación de ovino en Vilasantar (A Coruña). Ofrécese casa.
Tfno.: 609212819
- Véndense cachorros de mastín. Tfno.: 610503323 Melide (A Coruña).
- Véndese rabaño de 75 ovelas e 10 cabras cos machos. Tfno.: 696225667 ou 982157436 (pola noite) Paradela (Lugo).
- Véndese macho caprino de 10 meses de idade. Tfno.: 655974270 - O Irixo (Ourense).
- Véndense cachorros de mastín. Tfno.: 699757716 Alfoz (Lugo).
- Véndense excelentes cabritas de recría de explotación ecolóxica de cabras de aptitude cárnica.
Tfnos.: 687418518 (Xosé) 609529872 (Bernardo) Allariz (Ourense).
- Interesados en comprar cabras/ovellas de leite, poden poñerse en contacto con Joan: 669128946
- Cómprase remolque esparcidor de esterco e véndese máquina de rapar. Tfno.: 639925690

CONGRESO DE AGROECOLOXÍA

Do 24 ó 26 de xuño de 2010 celebrarase en Vigo o **III Congreso de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica**, organizado polo grupo de investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía da Universidade de Vigo.

Neste III Congreso discutirase sobre o papel asignado á agricultura ecolóxica no proceso de cambio e transformación do mundo rural, unha necesidade e un obxectivo social prioritario, e intentarase definir os problemas e propor alternativas que permitan avanzar de cara a lograr unha soberanía alimentaria.

Algunha das intervencións que terán lugar centrarase na xestión e aproveitamento dos recursos pastábeis extensivos no monte galego ou no papel do caprino nas estratexias multifuncionais. Ademais, un técnico de OVICA realizará unha pequena intervención para falar dos proxectos e experiencias de OVICA en aproveitamentos en montes veciñais en man común.

Mais información en { [HYPERLINK "http://economiaecoloxica.uvigo.es"](http://economiaecoloxica.uvigo.es) }

ARTIGO SOBRE SILVOPASTORALISMO

Na revista CERNA nº 61, revista galega de ecoloxía e medio ambiente, publicada por ADEGA, saíu publicado un artigo sobre o gando ovino e caprino nos montes galegos. Neste artigo analízanse a traxectoria e situación actual de OVICA, as dificultades do sector e expóñense os beneficios dos aproveitamentos silvopastoris para os nosos montes, uns beneficios relacionados coa propia natureza do aproveitamento, sostible e baseado nos recursos naturais e que contribúe ó mantemento dos espazos naturais, da biodiversidade e á redución dos incendios forestais.



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 58 ABRIL-MAIO 2010

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: { [HYPERLINK "mailto:ovica@ovica.org"](mailto:ovica@ovica.org) }

Páxina web: { [HYPERLINK "http://www.ovica.org"](http://www.ovica.org) }

LEXISLACIÓN: Axudas á Incorporación e Plans de Mellora (Orde do 31 de maio de 2010)

Incorporación

Beneficiarios: Persoas maiores de 18 e menores de 40 anos no momento de solicitude.

Requisitos e compromisos:

- Non estar dado de alta en Facenda ou na Seguridade Social na actividade agraria
- Manter a actividade agraria durante 5 anos
- Ter ou obter un nivel de capacitación suficiente (cursos de capacitación agraria ou título académico)

Axudas:

20.000 € en investimentos máis unha bonificación do 100% dos xuros dun crédito de ata 20.000 €.

Estas cantidades incrementaranse nun 10% nos seguintes casos:

- Explotación situada en zona desfavorecida
- Se o titular da explotación ten un CES (Contrato de Explotación Sustentable) aprobado
- Si se xera un posto de traballo asalariado (a maiores da persoa incorporada)

Plans de mellora

Beneficiarios: Titulares de explotacións agrarias

Requisitos e compromisos:

- Manter a actividade agraria durante 5 anos
- A explotación debe xerar traballo para unha persoa a tempo completo
- O 50% da renda ten que provir da actividade agraria
- Ter experiencia no sector ou acreditar a formación necesaria
- Facer un informe técnico no cal se terá en conta a situación de partida, as medidas de mellora e os investimentos a facer, os beneficios que aportarán á explotación e os rendementos da explotación unha vez realizados todos estes
- Si se pretende facer unha construción terase que presentar a solicitude de licenza municipal de obras e requirirse a súa aprobación

Investimentos auxiliares:

- Mínimo de 6.000 € de investimento
- Máximo de 100.000 € por persoa a tempo completo e entre 200.000 e 800.000 € de máximo por explotación
- A realizar nun período máximo de 6 anos

Axudas:

En zona desfavorecida:

- Ata o 50% en bens inmobles (construcións, cercados,...)
- Ata o 30% en bens mobles (maquinaria agrícola,...)

No resto de zonas: 40% e 25% respectivamente

De non ser agricultor profesional as porcentaxes anteriores reduciranse nun 10 e nun 5% respectivamente.

Incrementaranse nun 5% en explotacións ecolóxicas e nun 5% se o titular pediu a axuda para a incorporación á agricultura hai menos de 5 anos.

Dende OVICA queremos proporcionarche toda a axuda para enfocar e planificar a túa incorporación na agricultura ou para mellorar a túa explotación.

¡¡Prazo de solicitude: ata o 19 de xullo!!

Para máis información ponte en contacto con OVICA nos teléfonos: 982245142- 669128946- 687778013



CAIXA RURAL GALEGA

FEIRAS

Do 10 ó 13 de xuño de 2010, celebrarase en Silleda a 33ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia, que contará, coma tódolos anos, con diferentes seccións: Alimentación, Equitación, Exposicións de Razas Autóctonas, Xardinería e outras.

Horarios: xoves e venres, de 10:00 h a 20:00 h, fin de semana de 10:00 h a 21:00 h.

En OVICA dispoñemos de invitacións para os que queirades asistir.

A INFECCION MAMARIA EN CABRAS DE REPOSICION: TRATAR ANTES DA SÚA INCOPORACIÓN Ó RABAÑO

A recría de cabras para a reposición dun rabaño leiteiro debe ser moi esmerada, estes animais supoñen o futuro da explotación e deben gozar das mellores características e saúde posibles. Entre un gran número de parámetros de excelencia que deberían caracterizar ás cabras de reposición, a sanidade e a perfecta funcionalidade da ubre son importantísimas e non deben ser tratadas como secundarias porque condicionan todo o potencial dunha cabra leiteira e, ademais, a súa lonxevidade produtiva.

“A terceira parte da reposición pare con infección mamaria”

Recentemente fíxose público un traballo de campo que puxo de manifesto que o **32,9%** dos individuos (que supoñía una afectación do 20,3% das mamas, posto que a infección pode ser unilateral ou bilateral) das **recría dos rabaños de cabras leiteiras chegan ó seu primeiro parto con infección mamaria** adquirida antes deste acontecemento.

O procedemento seguido para a determinación destes datos e proporcionar unha solución de orden práctico consistiu en tomar mostras de secreción mamaria antes do primeiro parto para ser sometidas a análises microbiolóxico. No mesmo momento aplicouse á metade dos animais Ilovet20% inyectable, por vía intramuscular profunda á dose de 0,8 ml por cada 10 kg de peso vivo, aplicados no glúteo medio e deixouse a outra metade como lote testigo para poder contrastar a eficacia do tratamento. La elección de Ilovet20% inyectable como tratamento basease na súa sinxela aplicación por vía parenteral, a súa boa distribución na glándula mamaria, o seu adecuado espectro de actividade fronte ós xermes causantes de mamites e a súa actividade contrastada fronte ós micoplasmas.

A comprobación de resultados efectuouse volvendo a mostrear o leite dos animais nas primeiras 72 horas postparto.

Os resultados da analítica previa mostraron que o 32,9% dos animais presentaban síntomas de infección na glándula mamaria, véndose afectadas o 20,3% das mamas.

“As curacións alcanzaron o 80% dos animais tratados”



A porcentaxe de curación nos lotes tratado e control foi, por animais, do 80% no grupo tratado e do 25% no lote de control; e, por mamas, o 77% no tratado fronte ó 40% no de control.

As infeccións estaban causadas na súa maioría por SCN nun 97,4%, e 2,6% por Streptococcus spp. Todas as cepas de SCN analizadas foron sensibles á eritromicina e novobiocina.

Estes resultados lévannos a considerar moi produtivos os tratamentos rutinarios dos lotes de reposición con Ilovet20% no parto para garantir unha mellor condición sanitaria dos animais que se incorporan ó rabaño.

Antes de calquera tratamento consulte ó seu veterinario.

Javier Marcos. Director Veterinario de Farco Veterinaria

PROGRAMA DE REPARTO DE MASTINS

OVICA asinará en breve un novo convenio coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza que permitirá a continuidade nesta campaña do Programa de reparto de Mastíns para a prevención de ataques do lobo ó gando. O emprego de mastíns é, sen dúbida, o mellor método preventivo para evitalos ataques do lobo, tan frecuentes ultimamente nos rabaños de todo o norte peninsular.

¡Todos os interesados en formar parte deste programa poñédevos en contacto con OVICA!

III ENCONTROS SOBRE O LOBO GALEGO

Un técnico de OVICA participou nos **III Encontro sobre o lobo galego**, organizado por ADEGA e o CEIDA e que se celebrou o 24 de abril de 2010 en Oleiros (A Coruña). No encontro tamén estaba presente o Xefe do Servizo de Conservación da Natureza, así como representantes de sindicatos, de outras asociacións de gandeiros (Asoc. de Gandeiros de S. Martiño de Oleiros, do Barbanza) e cooperativas (como é o caso da Cooperativa Monte Cabalar, de A Estrada), biólogos da USC, técnicos do Concello de Sanabria e o redactor do Plano de Xestión do lobo en Galicia, Luís Llaneza. O resumo saíu publicado na revista CERNA, nº 61, publicada por ADEGA.

Neste encontro tratouse de poñer sobre a mesa toda a problemática que está a xerar en relación cos numerosos ataques do lobo ó gando, reclamándolle ós responsables competentes da Administración maior implicación para contribuír a diminuír a conflictividade entre o lobo e a gandería.

Sendo conscientes da complexidade da situación e da dificultade de atopar medidas que solucionen por completo o problema, a solución pasa por asumir certa inevitabilidade dos danos, incrementando as medidas preventivas, mellorando as axudas e indemnizacións e axilizando os trámites burocráticos cando o dano non se puido evitar, así como realizar unha axeitada xestión da poboación de lobo, e doutras especies que ocasionan danos á gandería e/ou á agricultura, ca finalidade de lograr facer compatible estas actividades coa conservación da biodiversidade.



Recorda: Orde do 30 de novembro de 2009: Axudas para paliar os danos producidos polo lobo 2010 (DOGA nº 239, 9 de decembro de 2009)

Telefono de notificación do dano: 900 186 186 ¡Chamar antes das 24 horas desde o dano!

La sanidad de la ubre,
clave de la producción lechera

ACTUALIDAD GANADERA

Ovino - Caprino de leche

El 30% de las ovejas y cabras primíparas paren con infección mamaria

Las investigaciones de campo realizadas por Farco Veterinaria sobre la mamitis en corderas y cabras de primer parto, demuestran que al menos el 30% de ellas llegan a su primer parto con infección mamaria adquirida con antelación.

El tratamiento con Ilovet 20% inyectable 15 días antes de su primer parto ha demostrado disminuir entre el 80 y el 90% la incidencia de esta patología en las corderas y cabritas de reposición.

Esta investigación demuestra que un rebaño de alta producción debe

© 2010 Farco Veterinaria, S.A. - Tel. 902 22 33 11 - Fax 925 53 66 57